



## OBXECTIVOS:

O obxectivo principal do curso é conseguir aumentar as taxas de supervivencia nos pacientes con morte súbita conseguindo un acceso precoz, acurtar os tempos para practicar a RCP e a desfibrilación precoz, dentro da cadea de supervivencia de cada comunidade. No curso insítese na importancia de chamar ao 061, practicar a RCP e utilizar o DESA por primeiros intervinientes.

Ao final do curso o alumno deberá ser capaz de:

- Identificar ao doente en situación de parada cardiorrespiratoria (PCR).
- Activar con efectividade o Sistema de emerxencias Médicas (061 de Galicia).
- Seguir os pasos da RCP en adultos, facendo énfase nas compresións de calidade.
- Tratar a desobstrucción da vía aérea.
- Utilizar un DESA con seguridade e eficacia.
- Avaliar e reavaluar de xeito continuado ao doente.
- Ensinar os alumnos SVB de calidade.

Os obxectivos secundarios consisten en acurtar o tempo en que se practica a RCP e a desfibrilación. O sinxelo manexo do DESA incrementou o número de persoas que poden ser adestradas para poder utilizalo con éxito, de xeito que se pode dispoñer de máis desfibriladores en lugares onde antes non existían: estacións de tren, aeroportos, grandes fábricas, etc.



## ORGANIZACIÓN:

1ª xornada:

HORARIO	TEMARIO
17:30 - 18:00	Introdución
18:00 - 18:30	Soprte Vital Básico
18:30 - 20:30	Obradoiro Práctico SVB

2ª xornada:

HORARIO	TEMARIO
17:30 - 18:00	Obstrucción da Vía Aérea
18:00 - 18:30	Coñecemento do DESA. SVB + DESA
18:30 - 20:30	Obradoiro Práctico SVB + desobstrucción Vía Aérea

3ª xornada:

HORARIO	TEMARIO
17:30 - 18:30	Ensino de SVB - RCP na Aula
18:30 - 20:00	Obradoiro Práctico SVB + DESA
20:00 - 20:30	Avaliación Teórica e Práctica e dos docentes - Peche do curso